

1. A MATERIA E AS SÚAS PROPIEDADES

A maioría das cousas que nos arrodean están formadas por materia.

Pero non todo esta formado pola mesma materia. Cada tipo de materia chámase **substancia**. Son substancias o papel, a madeira, o vidro, o formigón e o plástico.

As cousas feitas de materia teñen dúas **propiedades**:

A MASA: é a cantidade de materia. Pódese medir en gramos ou en quilogramos.

O VOLUME: é o espazo que ocupa. Pódese medir en litros.

2. OS ESTADOS DA MATERIA

A materia pódese atopar en 3 estados:

Sólido: ten forma e volume propio (pedra)

Líquido: a súa forma se adapta ao recipiente no que está e o seu volume non cambia (zume)

Gasoso: non ten forma nin volume propio (o fume)

A auga pódese atopar na natureza en estado sólido, líquido e gasoso.

3. OS CAMBIOS DA MATERIA

A materia pode cambiar de estado.

Un cubo de xeo se desfai e se transforma en líquido pero a substancia é a mesma, segue sendo auga pero en diferente estado.

Hai catro cambios de estado:

FUSIÓN: co calor un sólido pasa a líquido.

EVAPORACIÓN: co calor un líquido pasa a gas.

SOLIDIFICACIÓN: co frío un líquido pasa a sólido.

CONDENSACIÓN: co frío un gas pasa a líquido.

4. O CICLO DA AUGA

O ciclo da auga é o percorrido que fai a auga na natureza. Está movéndose continuamente dun lugar a outro e cambiando de estado.

As fases do ciclo da auga:

1. Evaporación: Co calor do sol a auga transfórmase en gas e evapórase.

2. Condensación: o vapor da auga arrefríase e convértese en pequenas gotiñas que forman as nubes.

3. Precipitación: As gotas de chuvia que forman as nubes caen en forma de chuvia, sarabia ou neve.

4. Retorno: ao precipitarse a auga, unha parte vai ao interior da terra, augas subterráneas, e a que vai a parar aos mares e ríos volve a empezar o proceso.

5. SUBSTANCIAS PURAS E MESTURAS

As **substancias puras** Están formadas por un so tipo de materia. Por exemplo: azucre e osíxeno.

As **mesturas** están formada por varias substancias puras. Por exemplo a auga do mar e o aire.

A maior parte das substancias que hai ao noso arredor son mesturas que están formadas por varias substancias puras diferentes.

6. AS FORZAS PRODUCEN CAMBIOS

As forzas poden ter distintos **efectos:**

- **Cambiar a forma** (plastilina)
- **Romper** (tirar un vaso de cristal ao chan)
- **Mover** (empuxar un carro)
- **Deter** (parar un balón)

Hai diferentes **tipos** de forzas:

- Forza **por contacto**. Cando hai que tocar o obxecto
- Forza **a distancia**. Sen tocalos